

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

EXTRACTO da Orde do 23 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de cooperativas, de sociedades laborais, de centros especiais de emprego e de empresas de inserción, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR802H e TR358D).

BDNS (Identif.): 884376.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/884376>

Primeiro. *Entidades beneficiarias*

– As asociacións de cooperativas e de sociedades laborais, para as actuacións previstas no programa I.

– As asociacións de centros especiais de emprego e de empresas de inserción, para as actuacións previstas no programa II.

Segundo. *Obxecto e finalidade*

Sufragar os gastos de organización interna e funcionamento das entidades representativas da economía social de Galicia, a través dos seguintes programas de axudas:

– Programa I. Fomento e consolidación das asociacións de cooperativas e de sociedades laborais.

– Programa II. Fomento e consolidación das asociacións de centros especiais de emprego e de empresas de inserción.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 23 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras de subvencións para sufragar os gastos de funcionamento das entidades asociativas de coo-



perativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción, e se convocan para o ano 2026 (códigos de procedemento TR802H e TR358D).

Cuarto. *Contía*

O orzamento total ascende a trescentos trinta e cinco mil euros (335.000,00 €) e a distribución de créditos por programas é a seguinte: programa I, 230.000,00 €; programa II, 105.000,00 €.

Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

O prazo de presentación de solicitudes de axuda é dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Sexto. *Outros datos*

Para os dous programas, unha vez concedida a subvención e agás oposición expresa da entidade interesada, poderá facerse efectivo en concepto de pagamento anticipado ata un 90 % do importe da subvención.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 2025

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

CVE-DOG: vii0y8a7-l5x6-8qk2-yck8-ilo0tf6zpb57

